



## Sr. Alcalde: ¿ Para cándoo ten previsto efectuar o trámite de aprobación da Conta xeral do ano 2005?

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no seu artigo 212 relativo á rendición, publicidade e aprobación da conta xeral establece que :

1. Os estados e contas da Entidade local serán rendidas polo seu Presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ao que correspondan...
2. A Conta Xeral formada pola Intervención será sometida antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas da Entidade local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación.
3. A Conta Xeral co informe da Comisión Especial a que se refire o apartado anterior será exposta ao público por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes por a Comisión Especial e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.
4. Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, **a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación, para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.**
5. As Entidades locais renderán ao Tribunal de Contas a Conta Xeral debidamente aprobada.

Considerando que este trámite aínda está pendente, é polo que o Grupo municipal do BNG, efectúa a seguinte INTERPELACIÓN:

- 1) ¿Para cándoo está previsto o cumprimento da obriga legal, a respecto do sometemento ao Pleno da Corporación, da Conta Xeral do exercicio 2005, toda vez que se incumple o prazo legal máximo fixado por lei?.
- 2) Resultando que non existe concelleiro-delegado de Facenda, ¿Quén é o responsable de que se teña producido este atraso na tramitación?.
- 3) Por causa desta demora, ¿Cál é a previsión temporal de elaboración e sometemento ao Pleno do Orzamento para 2007, que por mandato legal debería estar aprobado xa, en data anterior ao 31 de decembro pasado?

Vilagarcía, 11 de xaneiro de 2007

Xosé Castro Ratón

---

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA